

O PSOE vilalbés destaca a necesidade de investir en saúde como garante dun futuro máis seguro

Co gallo da celebración do día Mundial da Saúde, a candidata á alcaldía e outros tres membros da súa lista que pertencen ao ámbito sanitario, reflexionan sobre este tema e afirman que “a saúde non é tan só a ausencia de enfermidades, senón que se define como un estado de benestar físico, mental e social”

A alcaldable explica que no seu programa electoral “levamos propostas para investir en saúde dende o Concello de Vilalba con programas específicos de fomento de hábitos de vida saudables: nutrición saudable e exercicio físico dirixidos a persoas de todas as idades”

O programa dos socialistas vilalbeses inclúe tamén propostas específicas dirixidas á mocidade, como a educación para a prevención das drogadiccións ou a prevención de condutas violentas

VILALBA, 6 DE ABRIL DE 2015.- A candidata á alcaldía de Vilalba, -Elba Veleiro-, e outros tres membros da lista que pertencen ao ámbito sanitario, -Miguel González, M^a Teresa García e Rosalía Otero-, co gallo da celebración do día Mundial da Saúde mañá 7 de abril, reflexionan sobre a necesidade de “investir en saúde como garante dun futuro máis seguro”. Así insisten que “a saúde non é tan só a ausencia de enfermidades, senón que se define como un estado de benestar físico, mental e social”.

Neste senso, a alcaldable explica que no seu programa electoral “levamos propostas para investir en saúde desde o Concello de Vilalba con programas específicos de fomento de hábitos de vida saudables: nutrición saudable e exercicio físico dirixidos a persoas de todas as idades e residentes no medio urbano e rural”. O programa do PSOE de Vilalba inclúe tamén propostas específicas dirixidas á mocidade, como a educación para a prevención das drogadiccións ou a prevención de condutas violentas. A este respecto os socialistas vilalbeses indican que “aínda podemos incluír no noso programa máis proxectos xa que estamos na fase de programa aberto á participación cidadá”.

No tocante á inocuidade dos alimentos, tema ao que se dedica o Día Mundial da Saúde deste ano, Veleiro indicou que “o consumo de alimentos insalubres é a causa da morte de dous millóns de persoas ao ano”. M^a Teresa García destaca como medida de prevención a formación dos máis cativos, xa que “se os nenos aprenden un correcto manexo dos alimentos estaremos facendo unha gran inversión en saúde”. “Hai que investir en educación no ámbito escolar, familiar e social, na loita contra a pobreza infantil para acadar nenos e adultos máis sans”.

A saúde non é un xogo

Para os socialistas vilalbeses “a saúde non é un xogo, é prioritaria na vida das persoas”. Os profesionais sanitarios que conforman a lista do PSOE neste municipio contan cunha clara vocación para axudar ás persoas, algo que aplicarán do mesmo xeito na súa vocación política. Por iso, o seu obxectivo é acadar unha maior calidade de vida para todos os veciños e veciñas de Vilalba e tratar de cubrir as súas necesidades básicas, entre as que destaca unha atención sanitaria de calidade e efectiva, xa que segundo explica Veleiro, e recorrendo aos tópicos, “a saúde valorámola cando nos decatamos de que nos falta; a saúde non é todo na vida, pero sen ela o demais non é nada”.